



CONCELLO DE REDONDELA

Resolución da Concellería de Medio Ambiente

Expte nº: 2230/2018

Procedemento: Procedemento de Contratación

Asunto: Saneamento e pavimentación no lugar do Campiño, Porto Cabeiro (Zona Norte), Cabeiro, Redondela (Remanente Tesourería para gastos xerais)

Responsable: Contratación.mgm

RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Lida a resolución desta Concellería de Medio Ambiente núm. 23/2019 de data 30.12.2019 pola que se iniciou o expediente para a contratación da obra de Saneamento e pavimentación no lugar do Campiño, Porto Cabeiro (Zona Norte), Cabeiro, Redondela, financiada con cargo ao Remanente de Tesourería para gastos xerais, cun orzamento que ascende a 272.651,09 euros máis o IVE do 21% por importe de 57.256,73 euros, o que fai un total de 329.907,82 euros, a licitar mediante procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Resultando que por resolución deste mesmo órgano núm. 22/2019 do 27.12.2019 se aprobou o proxecto técnico da obra, redactado e asinado electronicamente con data 13.04.2018 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Alberto Puig González, colexiado núm. 26494, e presentado no Rexistro Xeral do Concello o mesmo día co núm. 4474 por Pablo González Figueroa en representación de Ingatec Proyectos y Estudios, SL (CIF núm. B36565794), así como o Anexo ao mesmo asinado electronicamente o 20.11.2019 polo redactor deste, previa solicitude ao Ministerio de Fomento e Augas de Galicia das autorizacións necesarias para execución das obras.

Considerando que este investimento se financiará con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais (investimentos financeiramente sostibles), con data do 18.12.2019 se asinou pola Alcaldía, en base ao recollido no informe emitido o día 17.12.2019 polo arquitecto técnico municipal, a Memoria económica para investimentos financeiramente sostibles.

Replaneada a obra (acta de trazado previo asinada polo redactor do proxecto técnico con data 27.12.2019), redactado o prego de cláusulas administrativas particulares e emitida pola Intervención municipal, con data 30.12.2019, certificación que acredita a existencia de crédito definitivo por importe de 329.907,82 euros na aplicación 1601A/6190039 do estado de gastos do orzamento do Concello de Redondela vixente.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral municipal núm. 134/2019 (CV 5ZK9M6HF4AAJXGGM67562YEZ3) de data 30.12.2019.

Lido o informe do interventor municipal con referencia ASR-31.12.19.1 (CV AST7W4D9Z3AR6M2K4GMPKCNQW), do 31.12.2019, que consta de dez páxinas con antecedentes, lexislación aplicable, vinte e seis consideracións e conclusións.

Esta Concellería, ao abeiro das competencias que lle confire a lexislación vixente e segundo a delegación realizada por resolución da Alcaldía núm.1939/2019 de data 9 de xullo de 2019 (BOP PO núm. 138 do 19.07.2019),

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 5GTMGTXLRHMWNAVX73GM6QFHA | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



CONCELLO DE REDONDELA

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, de data 30.12.2019 (CV 9KJTKJEHTCJFNZ3FSQLTXN4HJ).

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación e aprobar o gasto con cargo ao crédito existente na aplicación **1601A/6190039** do estado de gastos do orzamento prorrogado para ao ano 2019.

Terceiro.- Dispoñer a **apertura do procedemento de adxudicación**, polo **procedemento aberto simplificado** por razón da súa contía, previsto no artigo 159 da LCSP, para a contratación da obra de **Saneamento e pavimentación no lugar do Campiño, Porto Cabeiro (Zona Norte), Cabeiro, Redondela**, financiada con cargo ao **Remanente de Tesourería para gastos xerais**, de acordo co proxecto técnico da obra, redactado e asinado electronicamente con data 13.04.2018 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Alberto Puig González e ao Anexo ao mesmo asinado electronicamente o día 20.11.2019 polo redactor deste, aprobados por resolución da Concellería de Medio Ambiente núm. 22/2019 do 27.12.2019, e co prego de cláusulas administrativas particulares que se aproban, e que se consideran, todos eles, parte integrante do contrato, fixando o **tipo de licitación en 272.651,09 euros**, máis o IVE do 21% por importe de 23.296,39 euros, o que fai un **total de 329.907,82 euros**.

Cuarto.- Segundo se dispón no artigo 135 da LCSP, **insertar anuncio e pregos no perfil do contratante** do Concello de Redondela, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, establecendo un **prazo de vinte (20) días naturais** contados dende o seguinte á data de inserción do anuncio de licitación como límite para presentar proposicións.

Documento datado e asinado electronicamente á marxe

